

Acta da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 21 de febreiro de 2024

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 21/02/2024
- II. Asistentes á CGIC do 21/02/2024
- III. Rexistro R4 DO-0201 Informe de seguimento e control da docencia
- IV. Rexistros do procedemento PE-01 Xestión do PAS:
 - a. R1 PE-01 Identificación das necesidades (de contratación) de PAS do centro
 - b. R2 PE-01 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.
- V. Rexistro R2 PE-02 Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas
- VI. Rexistro R1 IA-01 Necesidades de recursos e servizos
- VII. Rexistro R1 DO-0202 Promoción das titulacións – A) Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2024/2025.

Ábrese a sesión ás 12 horas e 15 minutos, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 20 de novembro de 2023 e extraordinaria celebrada o 30 de novembro de 2023.**

Enviáronse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbanse por asentimento e serán publicadas na web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. Informe do Coordinador

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

➤ **Comunicacións da Área de Calidade**

✓ **ES enquisas satisfacción 22/23:**

- 18 decembro. A Área de Calidade achega o informe cos resultados da enquisa de satisfacción das entidades empregadoras coas titulacións do curso 2022/2023 da emE. Tanto os resultados como a participación foron moi altos.

	Valoración			Participación		
	Titulación	Centro	UVIGO	Titulación	Centro	UVIGO
G290 GEE	4,40	4,51	4,28	100%	100%	36%
G310 GERME	4,67	4,51	4,28	100%	100%	36%
M148 MUEM	4,48	4,51	4,28	100%	100%	36%

- 30 xaneiro. Remate da enquisa propia do centro sobre o desenvolvemento do TGF e TFM que realiza a Área de Calidade. A participación final foi a seguinte e os resultados se valorarán no seo do IRPD.

Titulación	Poboación	Participación	
G290 GEE	16	8	50%
G310 GERME	4	0	0%
M148 MUEM	3	0	0%

- ✓ **EAD curso 22/23:**
 - 19 decembro. Notificación da Área de Calidade da publicación dos resultados definitivos.
- ✓ **EAD curso 23/24:**
 - 12 decembro. Notificación da Área de Calidade de que o día 4 de decembro se puxo en marcha o proceso de Enquisas de Avaliación Docente (EAD) do 1º cuadrimestre do curso 2023/2024, aclarando como é o proceso e o acceso e pedindo difusión entre profesorado e alumnado do centro para fomentar a participación. O proceso rematou o 22 de decembro.
- ✓ **DOCENTIA:**
 - 1 febreiro. Notificación da Área de Calidade do inicio do proceso de recollida de datos da actividade docente do curso 2022/2023 no marco do programa DOCENTIA (prazo ata 29/03/2024).
- ✓ **Procedemento DE-02 Seguimento e Medición, Anexo 1 Cadro de mando:**
 - 1 febreiro. A Área de Calidade aclara varias dúbidas trasladadas dende o centro en relación ao novo procedemento **DE-02 Seguimento e Medición** e o proceso de elaboración do IRPD 22/23.
 - 2 febreiro. A Área de Calidade achega a nova versión do *Cadro de mando* (anexo do procedemento DE-02 Seguimento e Medición) tendo en conta as principais suxestións efectuadas dende o centro.
 - 19 febreiro. Trala revisión da nova versión do *Cadro de mando* e unha proba de aplicación práctica do excel, remítense á Área de Calidade as erratas detectadas xunto cunhas dúbidas e suxestións. Estase á espera de resposta.
- **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas / Publicacións no Portal de Transparencia**
 - 11 decembro e 10 xaneiro. Publicación no PT de diversos indicadores de calidade correspondentes ao curso 2022/2023: PRE, ACC, MAT, REN, ABA, GRA, MOB, PRA, DOC, MER e FOR.
 - 16 xaneiro. Publicación no Portal de Transparencia dos resultados das enquisas de satisfacción coas titulacións do curso 2022/2023 (estudiantado, profesorado, persoas tituladas e PAS).

➤ **Espazos do centro en MOOVI:**

✓ **Espazos INFO/COOR**

- 13 decembro a 2 febreiro. Conversas con Marcelino Meana (soporte Moovi) e sucesivas probas e chequeos na busca dos campos adecuados que permitan a carga do estudantado e do profesorado ben separado por titulacións (tras os erros detectados no estudantado).
- Remate pendente, á espera da reincorporación de Marcelino.

✓ **Espazo CEPDE**

- 20 febreiro. Ábrese o espazo creado en Moovi para a xestión da documentación e das reunións da **Comisión para a Elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico** do Centro.

➤ **Rexistros que estaban pendentes na plataforma do SGIC - Curso 2022/2023**

✓ *R1 DE-01 Programa de desenvolvemento estratéxico do Centro*

- 21 decembro. Pechado coa inclusión dos pasos dados ata decembro. A comisión segue a traballar na elaboración do programa.

✓ *R1 DE-02 Panel de indicadores*

- 21 decembro. Pechado mantendo vixente o panel aprobado na Xunta de Escola do 25/05/2021. No curso 2023/2024 procederase á adaptación aos novos indicadores da ACSUG e da Universidade de Vigo recollidos no novo rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando*, do novo procedemento DE-02 Seguimento e Medición.

✓ *R1 PE-02 Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)*

- 25 xaneiro. Recollidos os resultados definitivos das Enquisas de Avaliación Docente do curso 2022/2023, agregados por titulacións, que foron publicados en xaneiro de 2024.

➤ **Rexistros que quedan pendentes na plataforma do SGIC - Curso 2023/2024**

✓ *R2 DO-0101 Informe do SGIC sobre as modificacións non substanciais.*

- Unha vez aberta a plataforma do SGIC do curso 2023/2024, recolléronse nos correspondentes rexistros as solicitudes de modificacións non substanciais para as titulacións de grao xunto cos informes favorables aprobados na sesión da Comisión de Calidade do 30/11/2023.

✓ *R1 DO-0301 Verificación/Chequeo de Información Pública.*

- Como a web do centro está en proceso de reestruturación e cambio da empresa de mantemento, propónse pospoñer este rexistro ata que a nova web estea operativa.

➤ **Accións de Mellora na plataforma do SGIC:**

- ✓ Decembro e xaneiro. Reunións do Coordinador de Calidade e a Directora con Carmen Romo para rematar a posta ao día das Accións de Mellora na plataforma do SGIC.

A Presidenta agradece ao coordinador de calidade o traballo realizado.

3. Aprobación, se procede, do rexistro R4 DO-0201 Procedemento para o seguimento e control da docencia.

A Presidenta sinala que este rexistro é o que quedaba pendente do curso 2022/2023. Aclara que se fixo unha revisión do procedemento para seguimento e control da docencia pero que se considerou máis axeitado non modificalo ata a implementación dun sistema eficiente de control da docencia na UVIGO xa que o rexistro mediante o código QR non é operativo nin eficiente. En relación a este sistema fixéronse varias solicitudes á universidade pero aínda non houbo resposta.

Engade que no curso 2022/2023 soamente consta unha incidencia e a comenta brevemente. Aмосa o documento que recolle a incidencia (Anexo III) e propón achegar este informe de seguimento e control da docencia como documento do rexistro R4 DO-0201 na plataforma do SGIC. Cabe sinalar que o profesor que motivou a incidencia trasladou as súas desculpas á dirección do centro para que fixera extensivas as desculpas ao estudantado e profesorado implicado.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro.

4. Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento PE-01 Xestión do PAS:

- **R1 PE-01 Identificación das necesidades (de contratación) de PAS do centro**
- **R2 PE-01 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.**

A Presidenta sinala que estes rexistros (Anexo IV) foron elaborados por Ana Cacheiro, Administradora do ámbito, e os comenta brevemente. Sinala que as necesidades que se recollen nos rexistros son iguais aos dos cursos anteriores. No caso de necesidades de formación de PAS non se identifican necesidades e no caso de necesidades de contratación de PAS mantense a demanda de cursos previos, dado que non se atenderon.

A Comisión aproba os dous rexistros por asentimento.

5. Aprobación, se procede, do rexistro R2 PE-02 Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas.

A Presidenta sinala que o 14 de febreiro solicitou ao profesorado das titulacións do centro que trasladase as súas necesidades, para valorar a posibilidade de suxerir á Área de Formación e Innovación Educativa a organización dalgunha actividade formativa. Recibiuse unha única solicitude que non se valora axeitada por ser demasiado específica e particular dunha materia. Proponse, polo tanto, non solicitar a impartición de ningunha actividade formativa este curso e recoller este feito no rexistro R2 PE-02 (Anexo V).

A Comisión aproba por asentimento o rexistro.

6. Aprobación, se procede, do rexistro R1 IA-01 Necesidades de recursos e servizos.

A Presidenta sinala que se trata dun rexistro relativo á distribución de créditos do orzamento correspondente ao ano 2024. Aclara que o documento (Anexo VI) foi

elaborado por Francisco Deive, Subdirector de Infraestrutura e Asuntos Económicos, en colaboración con Ana Cacheiro, Administradora do centro. Aclara que se manteñen os criterios do curso anterior.

Apróbase o rexistro por asentimento.

A Presidenta agradece a Francisco Deive e Ana Cacheiro a elaboración do documento.

7. Aprobación, se procede, do Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2024/2025, que forma parte do rexistro R1 DO-0202 Promoción das titulacións.

A Presidenta explica que este rexistro está formado por dous documentos: o Plan de promoción para o curso 2024/2025 (Anexo VII), que xa foi enviado aos membros da comisión, e o Informe das accións desenvolvidas durante o curso 2023/2024, que se elaborará tralo remate do curso.

Fai unha breve exposición do documento indicando que recolle as actividades que se propoñen para o próximo curso. Sinala que inclúe as actividades habituais, algunha nova, como a Olimpíada de enerxía, e incorpora as actividades correspondentes ao novo máster que se imparte no centro. Aclara que o documento foi elaborado por Raquel Pérez Orozco, Subdirectora de Divulgación Científica e Captación e presidenta da Comisión de Divulgación do Centro.

A Comisión aproba por asentimento o plan de promoción.

Agradece a Raquel Pérez Orozco o traballo realizado.

8. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 51 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e un de febreiro de dous mil vinte e catro.

Vº e Prace

A Presidenta

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 21/02/2024

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 21 de febreiro de 2024, ás 12:45 horas en primeira convocatoria e ás 13:15 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 20 de novembro de 2023 e extraordinaria celebrada o 30 de novembro de 2023.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, do rexistro *R4 DO-0201 Procedemento para o seguimento e control da docencia*.
4. Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento PE-01 Xestión do PAS:
 - *R1 PE-01 Identificación das necesidades (de contratación) de PAS do centro*
 - *R2 PE-01 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro*.
5. Aprobación, se procede, do rexistro *R2 PE-02 Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas*.
6. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 IA-01 Necesidades de recursos e servizos*.
7. Aprobación, se procede, do *Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2024-2025*, que forma parte do rexistro *R1 DO-0202 Promoción das titulacións*.
8. Rogos e Preguntas.

Vigo, 14 de febreiro de 2024

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(* **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DLD6QsL (eLe-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara pégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA





ANEXO II

Asistentes á CGIC do 21/02/2024



**Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade
do 21 de febreiro 2024**

Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Ana Rodríguez Rodríguez	Representante do Máster EM
María Araújo Fernández	Representante do Máster XSA
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Raquel Pérez Orozco	Representante do PDI
Pablo Eguía Oller	Representante dos departamentos con sede no centro
Mateo Salgado Díaz	Representante do estudantado de grao 2
Juan Jesús Rico Fuentes	Representante do estudantado egresado
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa asistencia	
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Ángeles Domínguez Santiago	Coordinadora do PAT/PIUNE
Iria Feijóo Vázquez	Coordinadora Grao ERME



ANEXO III

Registro R4 DO-0201 Informe de seguimento e control da docencia



ANEXO IV

Rexistros do procedemento PE-01 Xestión do PAS:

- a. R1 PE-01 Identificación das necesidades (de contratación) de PAS do centro
- b. R2 PE-01 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro



ANEXO V

Rexistro R2 PE-02 Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas



ANEXO VI

Rexistro R1 IA-01 Necesidades de recursos e servizos



ANEXO VII

Rexistro R1 DO-0202 Promoción das titulacións –

A) Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2024/2025